

Xornal de Galicia



XornalGalicia.com



José Antonio Sierra



IX Ciclo de mesas redondas "Escritoræs na Universidade" co lema -Como escribir o futuro?-

XG Xornal de Galicia | Lunes, 15 Septiembre, 2014 - 11:07

Será o vindeiro mércores, 17 de setembro, ás 13.00, no Salón de Actos da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, coa presenza do Secretario xeral de política lingüística, Valentín García, da escritora Rexina Vega, vogal da AELG en Vigo, do director do departamento de Galego, Burghard Baltrusch e a vicedecana da Facultade, Marta García González.

O ciclo ábrese cunha mesa redonda sobre narrativa cos escritores Leticia Costas e Manuel Portas

(A Coruña, 15 de setembro de 2014) O ciclo "Escritores/as na Universidade" chega á súa novena edición. Organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración coa Secretaría xeral de política lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, o ciclo propón para este outono unha serie de mesas redondas que achegan ao alumnado universitario, e á sociedade en xeral, a oportunidade de escoitar os autores/as analizando a súa obra persoal, cada ano desde un prisma diferente que vén dado polo lema do ciclo, que nesta edición é "Como escribir o futuro?".

O ciclo estrutúrase en tres mesas redondas correspondentes a cadanseu xénero literario. A primeira, "Ficción ou dicción? Como escribir unha verdadeira novela contemporánea?", sobre narrativa, inaugura o ciclo coa presenza dos narradores Leticia Costas e Manuel Portas.

A seguinte, que terá lugar o 24 de setembro no mesmo lugar e hora, abordará a cuestión desde o xénero poético coa participación de Rosalía Fernández Rial e Samuel L. Paris, que falarán de como conciben o futuro discurso poético nunha mesa titulada "E que faremos do lirismo? A pantasma da poesía dos oitenta".

Rematará o 8 de outubro, tamén ás 13.00 no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución, coas reflexións sobre novas linguaxes e tendencias escénicas de Celso Fernández Sanmartín e Paula Carballeira baixo o título "Contar ao carón da lareira en tempos dixitais. Existen novas linguaxes na oralidade?".